

O impacto da Romanización en Galicia

Rosa Brañas Abad

O impacto da Romanización é un fenómeno difícil de avaliar en Galicia, debido non tanto á insuficiencia de información sobre o proceso, como á falta duns criterios firmes para valorar a incidencia do fenómeno nesta rexión.

Tradicionalmente considerouse a Galicia como un país debilmente romanizado debido á escaseza dos típicos signos de romanidade, é dicir, a urbe e todos os elementos comunmente asociados a ela: os grandes edificios relixiosos e civís concentrados no *foro* ou praza pública (como os templos, as basílicas e as curias); as obras de enxeñería destinadas ó subministro e profilaxe da cidade (acueductos, latrinas, sumidoiros); os edificios dedicados ó lecer da cidadanía (as termas ou baños públicos, teatros, anfiteatros), etc.

Efectivamente, como hai tempo puxera en evidencia G. Fabre¹, a Galicia antiga foi escasa en asentamentos urbanos. Agás os casos de *Lucas Augusti*, *Bracara Augusta* e *Aquae Flaviae* (as actuais Lugo, Braga e Chaves), non se coñecen arqueoloxicamente outros núcleos de poboamento que presenten semellantes condicións urbanísticas, e aínda para as cidades mencionadas é difícil afirmar con seguridade que dispuxesen de tódolos elementos que daban á urbe romana a súa fisionomía característica².

Sen embargo, a medida que avanzaban as escavacións arqueolóxicas en Galicia comezouse a valorar como indicio máis fiable de Romanización as innovacións introducidas dende a conquista nos asentamentos rurais: os cambios

¹ "Le tissu urbain dans le Nord-ouest de la Péninsule Ibérique". *Latomus* XXIX, 1970 (pp. 314-39).

² Así como se pode falar en xeral da presenza nestas tres vilas de foros, termas, acueductos ou cloacas, en ningunha delas se teñen detectado ata o momento indicios de monumentos tales como, por exemplo, teatros ou anfiteatros. Ofrécese unha panorámica global do estado do desenvolvemento urbanístico na antiga Gallaecia en F.J. González e R. Bañas: *Galicia Romana*. A Coruña, 1995 (pp. 94 ss.).

na planificación dos poboados castrexos, na estrutura das vivendas e nos seus elementos constructivos, ademais dunha importante cantidade de materiais que son estraños ó castrexo e considerados normalmente de orixe ou influencia romana³. O indicio material considerado por outros como o signo por excelencia dunha importante presenza romana na zona é o uso da epigrafía, é dicir, as inscricións normalmente en pedra ou bronce que os galaicos incorporaron relativamente cedo nos seus monumentos conmemorativos, votivos e funerarios⁴.

Polo carácter dobremente esóxeno destes monumentos (como monumentos en si mesmos e como soportes escriturais), a súa introducción e difusión reflicte indiscutiblemente certos cambios no eido das representacións culturais do mundo indíxena. Sen embargo, a información que transmiten é aínda máis reveladora se os consideramos dende a súa calidade de rexistros escritos, ó reflectiren na orde da lingua o proceso de asimilación paulatina coa romanidade de certos sectores indíxenas. A través da epigrafía constátase, en efecto, a substitución progresiva dos antigos nomes e fórmulas onomásticas polos nomes e fórmulas latinos⁵, de modo semellante a como se manifesta tamén a infiltración gradual dos cultos ós deuses do panteón romano entre as vellas prácticas relixiosas dos galaicos⁶.

Por tanto, entre as cuestións fundamentais que se debaten respecto á Romanización da Galicia antiga é, en primeiro lugar, o que afecta á definición dos trazos culturais esóxenos que se impoñen sobre o fondo indíxena ata acadar o grao máximo de asimilación coa romanidade. En relación con isto parece necesario avaliar o nivel de intensidade con que tal asimilación incidiu segundo os contextos, posto que non se pode soste-lo que a Romanización fose homoxénea e afectase por igual a tódalas comunidades en conxunto, e nin sequera a tódolos grupos sociais no interior dunha mesma comunidade. A resposta a es-

³ Nos derradeiros anos algúns autores veñen atribuíndo ó influxo romanizador a maior parte do que tradicionalmente se consideraba autóctono ou tipicamente castrexo, dende a forma dos poboados e os seus compoñentes, como dixemos, ata a totalidade da plástica en pedra ou a célebre ourivería castrexa; cf. A. Peña Santos: "El primer milenio a. C. en el área gallega: génesis y desarrollo del mundo castreño a la luz de la arqueología". *Complutum* 2-3, 1992 (pp. 373-94), e F. Calo Lourido: *A cultura castexa*. Vigo, 1993.

⁴ A frecuencia con que aparecen testemuños epigráficos nunha zona determinada abonda para suxerir unha intensa romanización alí onde a escaseza doutras fontes de información a penas permiten unha valoración neste sentido; ver, por exemplo, o caso do contorno rural da área de Chaves estudado por A. Rodríguez Colmenero: "El conjunto epigráfico de Aquae Flaviae y su área de influencia", en *Actas del V Coloquio sobre lenguas y cultural prerromanas de la Península Ibérica*. Salamanca 1993 (pp. 461-84).

⁵ A. Tranoy e P. Le Roux: "Rome et les indigènes dans le Nord-ouest de la Péninsule Ibérique, Problèmes d'épigraphie et d'histoire". *MCV IX*, 1973 (pp. 177-232).

⁶ S. Lambrino: "Les cultes indigènes en Espagne sous Trajan et Hadrien", *Les Empereurs romains d'Espagne. Colloques Internationaux du CNRS*, París, 1965 (pp. 223-42).

tes problemas depende, por tanto, do concepto de Romanización que manexemos, da determinación dos elementos culturais romanos asimilados polos galaicos que parezan ter modificado substancial e profundamente os seus modos de vida e a súa mentalidade.

O concepto tradicional de Romanización expresa basicamente o que na literatura antropolóxica moderna coñecemos como "aculturación", é dicir, *os procesos complexos de contacto cultural por medio dos cales sociedades ou grupos sociais asimilan ou reciben como imposición trazos ou conxuntos de trazos que proveñen doutras sociedades*⁷. Sen embargo, ó xurdir o concepto de aculturación co obxecto de describir e valorar os efectos de cambio cultural producidos polas políticas expansionistas do colonialismo moderno e do Imperialismo europeo recente, a súa aplicación ó imperialismo romano non debería ocultar as profundas diferencias que separan as estratexias de dominación practicadas en ambos os casos.

As diferencias entre as dúas clases de Imperialismo atopámonas en dúas actitudes contrapostas respecto ó trato cos dominados: dunha parte o Imperio romano, como ningunha outra potencia hexemónica da antigüidade, non practicou nunca –que saibamos– unha política sistemática de exterminio contra outros pobos, polo que, a diferenza dos estados europeos modernos, podemos dicir que o Imperio romano non era un conquistador "xenocida"⁸. E por outra parte, tampouco non era unha potencia con tendencias "etnocidas", é dicir, por norma, non asimilaba ós conquistados destruindo o seu sistema de crenzas, labor ó que pola contra se dedicarían con teimosía as comunidades de misioneiros enviados polas igrexas cristiás para evanxelizaren ós "salvaxes" de todo o mundo⁹. Sen embargo, unha coincidencia non carente de importancia entre ambas as dúas formas de imperialismo é a política que Hobson, un historiador do imperialismo moderno, cualificara sarcasticamente de *filantropía máis o 5%*, é dicir, a xustificación do expansionismo pola obriga moral de compartir xenerosamente os elevados valores e os beneficios da súa civilización cos pobos "inferiores", ó tempo que se explotaban convenientemente os seus recursos humanos e económicos.

Habería que matizar, non obstante, o dito acerca das tendencias non etnocidas do imperialismo romano, posto que ideoloxicamente ó menos, pregouuse con insistencia a pretensión de cumprir cunha política ecumenista que im-

⁷ J.-F. Baré s.v. ACULTURACIÓN (*Diccionario de Etnología y Antropología*. Madrid, 1996).

⁸ Un mérito que na actualidade hai que atribuír tanto ós estados coloniais como ós intereses particulares do capital industrial. Sobre os efectos devastadores destes dous factores imperialistas ver P. Clastres: "Sobre el etnocidio", en *Investigaciones en Antropología política*. Barcelona, 1987 (pp. 53-64). No mesmo sentido, R. Jaulin: *La paz blanca. Introducción al etnocidio*. Buenos Aires, 1973 (passim).

⁹ P. Clastres ob. cit., p. 57.

poñía teoricamente a eliminación efectiva das distintas identidades culturais que convivían no interior do Imperio mediante a conversión de tódolos súbditos "bárbaros" á civilización romana¹⁰. Sen embargo, tal pretensión non debeu transcender nunca os discursos literarios e propagandísticos imperiais, posto que, polo que parece, o goberno romano non podía manter na práctica o propósito de implantar unha política global de Romanización que para ser executada precisaba duns medios técnicos dos que en realidade non dispoñía¹¹.

Se partimos destas consideracións, temos que convir necesariamente en que o proceso de Romanización non puido ter as repercusións uniformizantes que de certo tería o Imperialismo europeo. A situación derivada da conquista e posterior implantación política romana nos territorios sometidos, podémola definir en efecto como unha orde marcada fundamentalmente por relacións de dominación. Sen embargo, non parece que esta situación tivese forzado a adaptación incondicional e precipitada ó novo marco institucional das poboacións conquistadas, posto que durante séculos o Imperio acolleu no seu interior un amplo conxunto de entidades culturais diferenciadas que non poderían terse desenvolvido sen un mínimo de convivencia pola súa parte¹². Para comprender este proceso compre que examinemos brevemente a maneira en que se desenvolveron as condicións de dominación que antes mencionamos.

O primeiro que hai que destacar sobre a estratexia romana de conquista é que, en territorios excesivamente afastados dos centros de civilización mediterráneos, como a rexión galaica, o principal interese que moveu ó Imperio cara estas berras –a parte da ideoloxía ecumenista que propugnaba unha expansión ilimitada para a simple gloria de Roma e do Emperador– era o beneficio económico. A posición afastada da rexión galaica xustifica en parte o feito de que nunca se fundasen nela *colonias* romanas, dándolle a este termo o seu sentido técnico latino, é dicir, o asentamento urbano dotado dun estatuto política privilexiado que atraía normalmente a cidadáns romanos e itálicos cara a solo provincial. O sur e leste peninsulares, por exemplo, coñecerían a proliferación de moitos destes asentamentos dende a época republicana (Corduba, Hispalis, Nova Cartago, Tarraco, Caesarangusta, etc., etc.), porque ademais de dispoñeren en xeral dunhas condicións climáticas e topográficas idóneas para o gusto itálico, ofrecían as máis favorables expectativas de desenvolvemento económico polas súas condicións de vida pacífica e "civilizada". Pola contra, unha zo-

¹⁰ Sobre o funcionamento da ideoloxía ecumenista romana falamos máis polo miúdo en *Indigenas e romanos na Galicia céltica*, 1995 (pp. 67 ss.).

¹¹ Cf. K. Hopkins: "La romanización: asimilación, cambio y resistencia", en *La romanización en Occidente*. Madrid, 1996 (pp. 15-43), p. 34.

¹² É esta permisividade respecto ó desenvolvemento dunha ampla diversidade cultural no seu seo o que permite a P. Veyne cualificar ó Imperio romano pagán como un "estado multinacional"; cf. "L'Empire romain" en VV.AA.: *Le concept d'Empire*. Paris, 1980 (pp. 121-30).

na como a galaica non gozaba, certamente, de ningunha das calidades valoradas pola cultura clásica. Estrabón expón claramente nun parágrafo da súa *Xeografía* (III 1,2): *A rexión setentrional é moi fría por ser moi accidentada e por estar preto do mar, non ten comunicacións coas demais rexións, de maneira que presenta moitas dificultades para ser habitada*. Para os autores clásicos este tipo de condicións físicas afectaban ademais moi negativamente ó carácter dos seus habitantes, os “montañeses”: *O rudo e salvaxe non se debe soamente á súa vida guerreira senón tamen ó seu afastamento. Posto que as navegacións e os camiños son longos e ó non teren relacións con outros, perderon a sociabilidade e a humanidade. Pero isto hoxe é máis levadeiro pola paz e a chegada dos romanos... Ademais esta maneira de ser nalgúns deles agravouse pola aspereza dos lugares e das montañas* (*Xeografía* III 3,8).

O inhóspito da súa paisaxe e das súas xentes opoñería serios atrancos á conquista do Noroeste e á súa integración, polo que as razóns do achegamento dos romanos a esta rexión coidamos que hai que buscalas na atracción que exerceu sobre eles a célebre riqueza metalífera de Occidente. No extremo deste lado do Mundo lindante co Océano situaban os mitos gregos –herdados por Roma– os maiores tesouros en metais preciosos, así como as famosas illas Casitérides, ás que se supoñían abundantes en estaño. Contaba Posidonio (segundo Estrabón, III 2,9) *que entre os Ártabros, que son os últimos da Lusitania cara ó noroeste, a terra agroma de prata, de estaño e de ouro branco*. Segundo Xustino *a Gallaecia era unha rexión riquísima en cobre e chumbo e máis en minio [...]. Tamén é rica en ouro e prata ata o punto de que mesmo co arado a miúdo sacan anacos de ouro* (XLIV 3,5). O mesmo César, probablemente, fose levado por estas crenzas cando emprendera, en torno ó ano 60 a.C., unha campaña de rapina contra as poboacións lusitanas e galaicas ata acadar navegando Brigantim (A Coruña), segundo conta Dión Casio (XXXVII, 53).

É moi probable, por tanto, que esta sona de abundancia en metais fose a que animara á conquista romana do Noroeste. Aínda que os metais non aparecen a rentes da superficie, como se pensaba, axiña que se construíron as vías de comunicación necesarias, comezarían as explotacións das minas auríferas do sector NO a dar os seus inxentes froitos. O distrito mineiro que incluía Gallaecia, Asturia e Lusitania, dicía Plinio (XXXIII 78) que proporcionaba anualmente ata unhas 20.000 libras e que *en ningunha outra parte da Terra se mantén semellante abundancia*¹³. Segundo Sánchez Palencia, das case 3.400 Tm producidas en toda Europa na Antigüidade, unha importante proporción, 230 Tm, foran aportadas polo NO ibérico. As expectativas iniciais postas na conquista da *Gallaecia*, por conseguinte, se á busca de riquezas se referían, non habían quedar defraudadas.

Coa finalidade de garantir o pacífico desenvolvemento daquelas actividades

¹³ Sobre este tema ver F.J. González e R. Brañas, ob. cit., pp. 182 ss.

mineiras establecéronse, xeralmente próximos ás zonas de explotación, diferentes continxentes lexionarios. A partir de un dos acampamentos militares establecidos no Noroeste xurdiría precisamente, a pouco de rematadas as conquistas, a cidade de *Lucus*. Despois desta fundación, e máis da cidade de Bracara, aproximadamente nos derradeiros anos do s.I a.C., teríase emprendido o reordenamento das poboacións indíxenas. A liña de implantación do aparato gobernamental romano na *Gallaecia* había ser a usual en tódalas provincias. A fundación das urbes anteditas respondía á necesidade de contar con centros administrativos fixos e sés estables para as delegacións do goberno provincial. Nestes centros revertían os tributos impostas á poboación e dende eles organizábase tamén a leva de soldados indíxenas para os corpos auxiliares do exército, ó tempo de serviren como focos difusores do culto ó Emperador nos seus respectivos distritos (*conventus*)¹⁴.

Mentres tanto, a meirande parte dos antigos poboadores da rexión, lonxe de teren abandonado masivamente os castros, como durante longo tempo se crera¹⁵, non só seguirían habitando boa parte daqueles poboados fortificados, senón que ademais fundarían outros novos e chegarían a reocupar algúns dos anteriormente abandonados. A etapa inmediatamente posterior á conquista corresponde, de feito, ó período de desenvolvemento hoxe en día considerado máis esplendoroso do castrexo galaico. A reocupación dun importante número de antigos castros converteuse, ademais, nunha tendencia ben documentada na *Gallaecia* en datas moi serodias do Baixo Imperio¹⁶, polo que podemos dicir que o castro constituíu a modalidade habitacional máis representativa do rural galaico ó longo de toda a súa historia antiga¹⁷. Se a isto engadimos a precariedade xeral de centros urbanos, coidamos atopar serios inconvenientes para falarmos dun proceso de romanización intenso na rexión, ó menos dende o punto de vista do que os romanos considerarían asimilables á "romanidade".

A importancia da urbe á hora de valorar o índice de Romanización acadado por unha poboación, responde ó feito de ser precisamente o coñecemento da organización urbana o que realmente se valoraba na cultura clásica. Os romanos, a semellanza dos gregos, consideraban que a urbe era a forma emblemática da vida civilizada e, por tanto, a mellor expresión dos valores da súa propia cultura. A *urbs* constitúe na mentalidade romana non só o centro físico da vi-

¹⁴ Cf. F.J. González e R. Brañas, ob. cit., pp. 261 ss.

¹⁵ A partir da noticia de Floro (II 59,6) segundo a cal Augusto tería imposto a baixada ás zonas chans.

¹⁶ Cf. F. Arias Vilas: *A romanización de Galicia*. Vigo, 1992 (p. 67; 153).

¹⁷ Incluso moitos dos asentamentos rurais tipicamente romanos (*villae*) coñecidos en Galicia –xeralmente datados no Baixo Imperio– presentan estreitas asociacións nas súas localizacións con castros contemporáneos (cf. F.J. González e R. Brañas, ob. cit., pp. 157-8).

da social, política, económica e relixiosa do sistema da *civitas*¹⁸, que é a urda institucional en torno ó cal se organiza toda a sociedade, senón tamén a fiel representación material desa urda. Ela reflicte a través da organización espacial das súas construcións a estrutura social e política da comunidade, e aínda os instrumentos do poder político e relixioso empregados nun momento determinado, especialmente a través da ordenación interna do seu foro¹⁹. De igual maneira a muralla, que delimita materialmente o contorno da cidade, corresponde ó *pomerium*, a fronteira ideal que marca o recinto consagrado e protexido polos deuses. Por tanto, non pode haber cidade sen muralla. Ela é, como di Veyne, garantía de civilidade²⁰.

É comprensible, en consecuencia, que as colonias fundadas por cidadáns romanos reproducisen fielmente a forma da *Urbs*, e que a ausencia dos seus elementos característicos suxerise na mente dos conquistadores a ausencia correlativa dos principios xurídicos e políticos que gobernan a vida civilizada. O descoñecemento da cidade suxire a multitude, a agrupación de persoas que viven sen lei nin goberno na desorde e a anarquía. De aí, en definitiva, que o descoñecemento da cidade se convertese nun dos tópicos máis comúns na literatura latina á hora de definir as formas de vida dos "pobos salvaxes" (*nationes ferae*)²¹.

Entre as poboacións que dispoñían dunha tradición urbana ben consolidada en época prerromana, a adecuación ó modelo de vida imposto foi máis áxil, acadando formas moito máis acabadas de integración cultural. Nas que a estrutura cidadá resultaba por completo allea ás tradicións locais, terían que idear fórmulas eventuais capaces de cubrir as funcións que normalmente recaían na vila, das que ó cabo dependía toda a organización política e administrativa das comunidades de tipo romano²². A este modelo de implantación debéron responder as entidades políticas coñecidas en Gallaecia como *populi* ou *civitates* (Plinio HN III 28).

Non sabemos exactamente que novidades introduciu o sistema da *civitas* na vida das poboacións galaicas dende o momento en que o Imperio impulsara a súa creación a partir do s.I da era. As *civitates*, máis que cidades propiamente

¹⁸ Sobre a *civitas* como realidade institucional, cf. E. Cizek: *Mentalités et institutions politiques romaines*, 1990, esp. Cap. III.

¹⁹ Sobre as transformacións no ordenamento dos foros como reflexos dos cambios institucionais e políticos acontecidos en Roma e as provincias dende a República, ver J. Ch. Balty: "Le centre civique des villes romaines et ses espaces politiques et administratives", *Actas La ciutat en el món romà*, T. I (pp. 91-107).

²⁰ P. Veyne: "El Imperio romano", en *Historia de la vida privada. Imperio romano y antigüedad tardía* I. Madrid, 1991 (p. 186).

²¹ Cf. Cizek, ob. cit., p. 38.

²² Cf. M. Bendala Galán: "La ciudad en la Hispania romana", *Actas La ciutat en el món romà*, vol. I. Tarragona, 1993 (pp. 115-21), p. 119.

te ditas, refiren un modelo xurídico de organización que outorga un alto nivel de autonomía política ás comunidades. Para o seu funcionamento requiríase un centro político (*caput civitatis*) dende onde administrar os recursos da comunidade, recadar os tributos debidos ó Imperio e facerse cargo da leva de tropas. Debían igualmente dispoñer dun goberno propio, dos seus maxistrados e o seu senado. Pero a penas contamos con datos para coñecer cun mínimo de detalle o seu funcionamento na *Gallaecia*. Como hipótese podemos manter que, posto que non se rexistran arqueoloxicamente suficientes núcleos urbanos cos que identificar todos eses centros administrativos²³, o máis probable e que a propia organización indíxena prerromana ofrecese os cadros necesarios para cumprir con todas esas funcións, o que nos leva a deducir a probable localización castrexa de boa parte desas sés ou capitais de *civitas*.

Non hai dúbida de que para os intereses romanos na rexión (leva de tropas e recadación de tributos, especialmente) a *civitas* indíxena podía perfectamente suplir a falta de cidades e das súas infraestruturas. Teremos que admitir, sen embargo, que o carácter que esta situación imprimiría ás comunidades galaicas estaría tinguido dun forte ruralismo, o que equivale dicir dun aspecto marcadamente indíxena. Inferimos esta situación, dunha parte, da actitude de indiferencia que normalmente mostrou o goberno imperial fronte á orientación dos distintos modos de integración indíxena mentres se cumprisen estritamente os requisitos impostos a tódalas cidades tributarias; e respecto á aparencia indíxena, do feito de que Roma exportou preferentemente o seu modelo cidadán, ó menos ata que a vida campesiña se impuxese de modo xeral en todo o dominio imperial durante o Baixo Imperio.

A conservación destes trazos indíxenas corresponderíase ademais coa propia estratexia romanizadora do Imperio. Ó goberno romano non parecía interesarlle máis que organizar ós pobos conquistados o suficiente para permitir unha boa explotación dos seus territorios. Para acadar este obxectivo adoitaba reaproveitar as propias estruturas indíxenas (como vimos a propósito do *caput civitatis*) e atraerse ás súas nobrezas para convertelas en intermediarios entre el e mailos seus respectivos pobos. Esta estratexia viña imposta pola propia ideoloxía aristocrática da Roma Imperial, pola que se determinaba a atribución das responsabilidades gobernamentais ós "mellores", é dicir, ás elites locais das cidades provinciais. A *Gallaecia* antiga non se subtraeu a esta regra da asimilación selectiva, posto que parece demostrado que foron os membros da nobreza indíxena os primeiros en seren atraídos ós modos de vida romanos, en teren acceso á vida urbana, ós labores de goberno e á latinización. Serían eles, en consecuencia, os primeiros en accederen ó dereito de cidadanía romana, polo que podemos considerar a este grupo social concreto

²³ Hai que ter en conta que para o s.I d.C. Plinio menciona a existencia de ata 42 destas entidades entre os dous conventos galaicos, o *Lucense* e o *Bracarense* (*loc. cit.*).

como o sector principalmente romanizado na *Gallaecia* durante os primeiros séculos da dominación.

Despois de que Caracalla en 212 d.C. concedese a cidadanía romana a todos os homes libres do Imperio, a cidadanía deixará de ser nas provincias unha marca de status social. Despois da xeneralización desta condición xurídica, os galaicos deixarán certamente de seren considerados *peregrini* "non-romanos" (coas connotacións de barbarie que esta cualificación tiña na época), pero a maioría deles podían agora incluírse na categoría da *rusticitas*, a condición do campesiño analfabeto e atrasado que se define por oposición á *civilitas* das clases altas e cultas das cidades imperiais²⁴.

Coidamos que a partir do enfrontamento entre estas dúas categorías ideolóxicas e sociais, comenzaría a bosquexarse historicamente en Galicia a chamada "cultura popular"²⁵. Dende o momento en que aristocracia indíxena se asimila á romanidade, sepárase culturalmente do resto da poboación plebea campesiña dando lugar á aparición dun enfrontamento entre dúas culturas diferenciadas: a masa da poboación rural que segue conservando as súas vellas crenzas e modos de vida tradicionais, pasa a constituírse nunha cultura subalterna ou subordinada con respecto a outra considerada de rango superior, a cultura dominante, fundamentalmente urbana, letrada, e tamén estranxeira. Esta situación de oposición entre unha cultura urbana e unha cultura rural, como se sabe, segue vixente en Galicia na actualidade, aínda que a cultura tradicional tenda a desaparecer progresivamente en beneficio da cultura dominante.

Sostemos que precisamente en razón desta escisión cultural entre os antigos grupos sociais prerromanos, os "rústicos" galaicos a penas chegarían a experimentar máis que unha tépeda asimilación dalgúns dos costumes romanos.

Un uso romano tan estendido en *Gallaecia* como o epigráfico, non demonstra en absoluto que a os seus usuarios estivesen latinizados nin moito menos alfabetizados, e posto que nada sabemos dos costumes funerarios nin rituais nativos con anterioridade á dominación, tampouco podemos saber que nivel de ruptura suporía a incorporación de aras e lápidas escritas con respecto ás prácticas indíxenas.

En canto ós cambios na antroponimia, é certo que se produciu unha latinización progresiva dos nomes e das fórmulas onomásticas, pero a un ritmo extraordinariamente vagaroso en comparanza con outros sectores da Península, de maneira que non se poderá falar dunha tendencia significativa á latinización en *Gallaecia* con anterioridade á fin do século II ou o III d.C., dándose

²⁴ Sobre estas dúas categorías, ver M. Vigil e A. Barbero: *Sobre los orígenes sociales de la Reconquista*. Barcelona, 1974 (p. 25).

²⁵ J.C. Bermejo Barrera: "O pobo nunca tivo a razón", *I Coloquio de Antropoloxía de Galicia*. Sada, 1984 (pp. 12-3).

comunmente, por outra parte, entre individuos promocionados trato cumprimento de determinados servicios gubernamentais ou militares²⁶.

O celebrado esplendor do castrexo do período romano, por outra banda, párecenos terse valorado con extrema parcialidade. Como en toda situación de contacto entre culturas diferentes, non cabe dúbida de que a influencia romana se deixaría sentir con maior ou menor forza no mundo indíxena, pero isto non é razón para desatender a consideración doutros posibles factores no desenvolvemento da vida dos castrexos. Como tales poderían estimarse, por exemplo, a propia dinámica das comunidades cara solucións novidasas con respecto ás tradicionais, e para o cal o influxo romanizador a penas supoñería quizais máis que un eficaz estímulo exterior.

Por outra banda, tampouco non deixa de sorprender a valoración comunmente admitida dos numerosos obxectos da cultura material castrexa de orixe romana como un síntoma de profunda romanización, sen nunca mencionarse o proceso de reinterpretación cultural que sempre acompaña á introducción de elementos alleos na propia sociedade. Os obxectos importados, coidamos, non levan implícitos na súa forma nin unha función nin un significado inequívocos, que é o mesmo que dicir que non ten por que haber unha única interpretación transcultural, necesariamente invariable, para un mesmo obxecto entre distintas sociedades. Coidamos, por iso, que o concepto de "cultura material" debería atinxir non só o conxunto dos materiais arqueolóxicos rexistrados nun determinado xacemento ou grupo de xacementos, senón tamén os posibles significados que eses obxectos obterían no ambiente cultural do que formaban ou pasaran a formar parte. Dito noutros termos, se se adopta un material foráneo e se readaptan a súa función e significado, non se pode falar en rigor dunha influencia cultural, senón só dun obxecto de comercio ou intercambio.

A introducción entre os montañeses hispánicos do viño, produto indubieblemente romano de orixe, pode servir como exemplo do que estamos dicindo. Parece comprobado que o viño non posuía en absoluto o mesmo valor para os romanos e para os montañeses hispanos: mentres que os primeiros o bebían mesturado con auga, os pobos célticos, coma os bárbaros en xeral, tendían a bebelo en estado puro²⁷; e mentres que os romanos o consumían no banquete –unha reunión exclusivamente de amigos–, os montañeses repartían en festas entre parentes²⁸. Sen entrarmos a valorar neste momento a función e significado que o viño e as formas de consumición puideran ter en ambas as dúas sociedades²⁹, o que queremos mostrar é que, en calquera caso, non coincidían

²⁶ Le Roux e Tranoy, art. cit., p. 216.

²⁷ Ateneo, *Deipnosophistae*, IV 152c.

²⁸ Estrabón III 3,7.

²⁹ Véxase J.C. Bermejo en "La geopolitique de l'ivresse". *Dialogues d'Histoire Ancienne* 13,

en absoluto. Logo, como material importado, o viño non é significativo entre os galaicos, xa non dunha "aculturación", senón dunha mera influencia por parte romana.

Retomando o fío dos procesos de romanización, referiremos brevemente como se orientou a dominación romana no plano relixioso.

Sábese que a conservación das crenzas nativas en materia relixiosa foi un fenómeno xeneralizado que afectou a practicamente tódolos pobos sometidos, e que tal fenómeno non podería desligarse da tolerancia que neste sentido caracterizou á política do Imperio romano pagán. Esa tolerancia correspondíase co carácter non proselitista da propia relixión romana, que non requiría a conversión, senón unicamente a calidade de cidadán para a participación activa nos cultos da cidade³⁰.

Non é menos certo, por outra parte, que os romanos sentían piadoso respecto polas divindades estranxeiras. O xeito de non entraren en conflito os deuses de uns e outros, era a redución dos estranxeiros a deuses conquistados, e por tanto a divindades de rango inferior. Como consecuencia desta calidade, unha divindade estranxeira é difícil que fose venerada en Roma por parte dun cidadán romano³¹, posto que xeralmente non se lle recoñece máis dominio que o territorio do que a divindade é orixinaria, onde permanece baixo a *curatio sacrorum* dos maxistrados respectivos das súas comunidades. Xúpiter Óptimo Máximo converteuse en deus supremo do mundo enteiro en tanto que deus conquistador e victorioso sobre tódolos pobos do orbe, e por iso debía ser recoñecido como o deus supremo por parte de tódolos habitantes do Imperio. Pero a parte do culto ó Emperador, non se sabe de ningún outro culto romano que fose imposto obrigatoriamente, e isto, como é sabido, por razóns máis políticas que propiamente relixiosas³².

Na *Gallaecia* en particular, a epigrafía rexistra unha importante actividade relixiosa relacionada cos cultos indíxenas durante todo o século II e aínda durante o III d.C.³³, constatándose a convivencia das dúas relixións no marco dos cultos públicos, dentro da cal conviven mesturadas divindades romanas e

1988 (p. 115-45). Sobre o significado social e cultural do viño e das súas formas de consumo especialmente entre os celtas galos, ver M. Bats: "Les Gaulois à table: hiératisme et hiérarchie". *Mélanges Pierre Lévêque* 7. Anthropologie et Société, 1993 (pp. 15-20).

³⁰ Cf. J. San Bernardino: "La construcción de la *Anticivitas* romana: culto estatal versus cultos cívicos", *Kolaios* 4-1, 1995 (pp. 387-399), p. 390.

³¹ Excepción feita dos deuses directamente asimilados pola relixión oficial, ou os atraídos mediante o ritual arcaico da evocatio, que por este procedemento pasaban a formar parte do panteón romano e recibían culto na cidade. Para que se dese esta circunstancia era preciso, non obstante, que eses deuses fosen nalgunha medida asimilables cos propios. Cf. G. Dumézil: *La religion romaine archaïque*. Paris, 1966 (pp. 412 ss.).

³² Cf. S. Bernardino, art. cit., *passim*.

³³ Cf. Lambrino, art. cit.

indíxenas³⁴. En fin, a proliferación de monumentos votivos ofrecidos por devotos indíxenas particulares ás súas divindades ancestrais ó longo de todos estes séculos, merecería unha reflexión a parte e máis profunda acerca do seu significado³⁵.

Durante o Baixo Imperio, como dixemos, aínda se segaren a habitar moitos castros, convivindo cos asentamentos rurais tipo *villa* e tamén, posiblemente, con aldeas abertas. A estas alturas boa parte da poboación xa se consideraría plenamente romana, pero ó mesmo tempo comezarían a despuntar os trazos distintivos da "cultura popular" galaica. Se os seus membros eran de feito romanos, máis axiña serían cualificados de "rústicos", como deixaron en claro os bispos cristiáns ó atacaren as prácticas aínda pagás e salvaxes dos campesiños, unha significativa parte da poboación³⁶.

Coa introducción do cristianismo comeza a verdadeira aculturación dos habitantes de Galicia³⁷. Sería a nova doutrina, coa súa nova liturxia e sobre todo coa imposición da súa propia lingua sagrada, a que tería provocado a ruptura radical con todo o universo mental anterior, posto que para unha relixión arcaica como a céltica galaica, ou a popular romana, o contacto coa realidade debía expresarse necesariamente na lingua dos seus propios deuses. O pobo indíxena perderá así definitivamente os seus máis importantes referentes culturais para pasar a confundirse, no seo do Imperio romano cristián, co resto do mundo evanxelizado.

Se M. Bendela acerta ó afirmar que *canto ocorreu en Hispania a partir da conquista só se entende axeitadamente tendo en conta as claves da vida urbana*³⁸, teremos que concluír que, dada a escaseza de núcleos urbanos na Galicia romana e a consecuente debilidade do seu influxo sobre os seus contornos, o que aquí aconteceu trala conquista responde perfectamente á visión tradicional da *Gallaecia* como unha rexión debilmente romanizada³⁹. Fronte á mino-

³⁴ Como é o caso de dous céltico *Vagodonnaego* testemuñado nunha ara de *Asturica* ofrecida polos maxistrados da cidade, cf. F. Marco: "Integración, *interpretatio*, y resistencia religiosa en el occidente del Imperio", *La romanización de Occidente* (pp. 217-38), pp. 217-20.

³⁵ Dado que as relixións étnicas, como a céltica da *Gallaecia* (a diferenza das relixións universalistas ou de "Libro") non se comprenden fóra do contexto cultural no que xorden, e polo xeral non distinguen dimensións sagradas e profanas dentro dos seus sistemas de valores e crenzas, habería que preguntarse sobre as consecuencias dunha pervivencia prolongada dunha relixión deste tipo cando a vida social e política que ten como obxecto afirmar e xustificar desaparece baixo a imposición de estruturas sociais e políticas alleas.

³⁶ Cf. P. López Barja: "Religiones romanas y orientales en el noroeste peninsular". Separata de *Las religiones en la historia de Galicia. Antigüedad*, 1996 (pp. 235-49), pp. 245-7.

³⁷ A cristianización do Imperio representa, segundo Hopkins, *a culminación da Romanización* (art. cit., p. 43); da mesma opinión é S. Bernardino, art. cit., p. 398.

³⁸ Art. cit., p. 118.

³⁹ Da mesma opinión é X.A. Fernández Canosa: "A Galicia romana", en VV.AA.: *Nova Historia de Galicia*. Universidade de Santiago, 1996 (pp. 111-48), p. 114.

ría asimilada que vivía conforme ó modelo de vida romano, urbano e latinizado, a maioría da poboación seguiría ancorado nos seus antigos modos de vida e costumes, practicamente allea ó que dende os centros de poder se estimaba romano e civilizado. A romanizaaón, en palabras de Hopkins, *xurdiu como un sistema de explotación e exacción, e como tal perpetuouse*, ata que o máximo do nivel de homoxeneización cultural por asimilación ó romano se producise, paradoxalmente, por medio dun instrumento de dominación completamente alleo á propia Roma: o cristianismo.